

PÉRET, Benjamin: *Je ne mange pas de ce pain-là*. Ed. de Gérard Roche. Paris: Éditions Syllepse, 2010, 154 pp.

Con motivo do cincuentenario do falecemento de Benjamin Péret (Rezé, 1899 - París, 1959), a Association des amis de Benjamin Péret, presidida por Gérard Roche, promoveu a reedición deste poemario, que ocupa un lugar tan singular como emblemático na obra do poeta surrealista francés. Dende 1963, ano da súa creación, dita asociación vén realizando un labor fundamental na conservación e na difusión do legado de Péret; así, por exemplo, a ela se debe a publicación dos sete volumes das súas obras completas.

A presente edición de *Je ne mange pas de ce pain-là* é en realidade unha edición aumentada. Dunha banda, o volume enriquecese, na cuberta, coa reprodución dun debuxo de *La Parole est à Péret* (Éditions Surréalistes, 1943) e, no interior, cun colaxe do propio Péret, en absoluta harmonía co espírito do libro. Doutra banda, o necesario aparato crítico consta dunha presentación, dun listado bibliográfico daqueles poemas publicados en revista antes da súa inclusión no poemario, e dunhas notas hoxe imprescindibles para a contextualización dunha obra absolutamente imbricada no tempo e no lugar da súa escritura: a Francia de Entreguerras. Pecha o volume unha enquisa de tradición surrealista, realizada en 1987 por Heribert Becker, tradutor de Péret ao alemán, sobre a concepción e a vixencia de *Je ne mange pas de ce pain-là*; entre as vintetrés respostas reproducidas, orixinalmente redactadas en alemán, inglés e francés, atopamos nomes de creadores e intelectuais surrealistas ou próximos ao movemento, como José Pierre, Guy Prévau, Franklin Rosemont, Arturo Schwarz ou Claude Courtot. As lecturas, en ocasións complementarias, e as opinións diversas de persoas que, nalgúns casos, trataron ao escritor, contribúen a actualizar os seus poemas, quizais abrindo —no canto de pechar— esta reedición moi ao xeito de Péret, por medio da participación activa e comprometida.

A primeira edición de *Je ne mange pas de ce pain-là* publicouse en París, en 1936, baixo o selo das Éditions surréalistes. Nese mesmo ano e na mesma editorial, Péret publicou outro poemario, *Je sublime*. Trátase en ambos os dous casos de edicións moi reducidas, que non superaron os 250 exemplares, complementadas, tamén as dúas, por unha edición de luxo ilustrada por Max Ernst. Claude Courtot subliña, na súa resposta á enquisa antes aludida, a importancia da decisión desta dobre publicación, a través da cal Péret fai públicos os seus poemas de amor (*Je sublime*) e de liberdade (*Je ne mange pas de ce pain-là*), piares da creatividade surrealista.

A biblioteca da Fundación Granell, en Santiago de Compostela, conserva nos seus importantes fondos senllos exemplares destas dúas primeiras edicións, presente

de Péret ao seu amigo Eugenio Granell. Os volumes dedicados polo escritor francés lémbrennos a importancia da relación con España, co noso exilio e coa lingua española de Péret, quen en agosto de 1936 xa estaba en Cataluña, como delegado do trotskista POI (Parti Ouvrier Internationaliste); en Barcelona coñeceu a pintora Remedios Varo, quen o acompañou no retorno a Francia en abril de 1937 e, posteriormente, en 1941, no exilio en México, país onde casaron en 1946 e onde Péret viviu máis de seis anos. No volume que berra a máis absoluta firmeza nesa loita pola liberdade que os dous amigos compartiron, Péret inscribiu: «A Eugenio F. Granell / qui a déjà montré ne pas manger DE CE PAIN-LÀ / Son ami / Benjamin Péret».

Je ne mange pas de ce pain-là é un volume pequeno, contén tan só vinteoito textos; deles, quince xa coñeceran unha publicación previa. Reeditado en moi poucas ocasións, o libro caracterízase por unha violencia verbal extrema. Os poemas, creados dende a rabia e a indignación, non dubidan en recorrer ao insulto ou a á palabra obscena e denigrante na súa denuncia sen concesións dos poderes da sociedade burguesa. Os versos de Péret funcionan á maneira dun altofalante de son distorsionado que emítise sen descanso dende o centro da dor, da vergoña e da traizón soportadas por todos aqueles que foron sacrificados nos altares das máis diversas tiranías.

En ningún caso pretende a palabra de Péret expoñer o sufrimento nin suscitar a piedade; é a súa unha violenta declaración de guerra á guerra por medio da linguaxe. Os seus textos funcionan como unha sorte de calas, de experimentos de contra-historia, no límite do poema e da acción; uns meses despois da súa publicación, Péret decantárase pola loita revolucionaria en España.

Como moi ben lembra unha cita de *Le Déshonneur des poètes* (1945) acertadamente incluída nesta edición, Péret pensa que un poeta deixa de ser revolucionario cando fai poesía ao servizo dunha acción política, mesmo se esta é revolucionaria, xa que nese mesmo momento deixa de ser poeta. Neste sentido, é interesante saber que en 1945, confrontado á inclusión duns poemas de *Je ne mange pas de ce pain-là* nun proxecto de antoloxía finalmente frustrado, Péret solicitou precedelos dun comentario, consciente do estatus incómodo duns textos que poderían ser asimilados á poesía de circunstancia que el mesmo denunciaba por entón; o autor percibe igualmente que o ton do libro, que por certo non gustou nada a Trotsky, pode poñer en dúbida a súa condición de poesía, tal e como reflicte na correspondencia con Léon Pierre-Quint e con Maurice Nadeau, citadas por Gérard Roche na presentación.

A estridencia e o agresivo rexeitamento de espírito libertario manifesto nos poemas nacen sen dúbida algunha en resonancia a un momento histórico determinado, mais o seu berro é absolutamente intemporal, e dificilmente responde a unha doutrina política concreta; a denuncia do medo á liberdade sería o seu único elemento claramente federador. En palabras de Jean-Louis Clément: «Péret n'était ni lyrique ni anarchiste. Péret était libre, il le serait aujourd'hui». A crueza e a intransixencia que se lle criticaron a estes textos resultan moito menos duras á lectura que xa non o sufrimento, senón tan só a simple contemplación da violencia que as orixinou. Velaí a sorprendente actualidade da obra de Péret, a vixencia da súa loita poética contra os males pa-

decidos a través da historia: «Encore une fois nous sommes trahis» é o último verso do volume.

Estes «versos moi libres» de Péret, segundo a denominación de Guy Prévan, beben das fontes do automatismo e da creación verbal surrealista, así como do humor irreductible de Alfred Jarry e do grupo Octobre, do pastiche e do vocabulario literaturalizado por Lautréamont. Péret perverte neles as fórmulas consagradas dos símbolos patrióticos máis sagrados, como a letra da Marsellesa («Allons enfants de la tinette») ou as inscricións dos monumentos aos mortos pola patria («la puante patrie reconnaissante»). Do mesmo xeito, pon en evidencia a obscenidade das recompensas e distincións patrióticas concedidas por asasinar seres humanos:

Vive la France
et les chiens décorés
du sang des 1 500 000 morts
qui enrichirent des ventres ballonnés.

A Primeira Guerra Mundial, na que Péret participou, ao igual que moitos outros surrealistas, está moi presente no libro, onde se denuncia o revanchismo que conduce inexorablemente a Europa cara a Segunda Guerra Mundial; personaxes como o mariscal Ferdinand Foch ou Georges Clemenceau convértense así aos ollos de Péret en responsables da futura carnicería e, por tanto, en diana privilexiada da súa cólera. Mais esta tamén sabe ser retrospectiva, e atopamos poemas inspirados por Louis XVI, Napoleón Bonaparte ou Adolphe Thiers, a quen Péret dá a palabra:

Les perles de ma femme sont des yeux de fédérés
et mes couilles de papier mâché
je les dégueule tous les matins.

Políticos de todo signo, militares de toda guerra, xerarquía eclesiástica, meritocracia económica e cultural desfilan polo espello deformante dos poemas, onde se denigra, entre outros moitos, ao Papa e a André Gide, a Aristide Briand e a Francesc Macià, a Maurice Thorez ou a Charles Maurras, sen esquecer institucións como a Liga das Nacións nin manifestacións como o Tour de Francia ou o Congreso eucarístico. Como curiosidade, o poema «La peste tricolore» está dedicado ao prefecto de policía Jean Chiappe, próximo á extrema dereita, quen decretou en 1930 a censura sobre o filme *L'Âge d'or*, de Luis Buñuel, censura que, por certo, non se levantou en Francia ata 1981. A sombra de Chiappe tamén planea sobre a violenta represión da manifestación de apoio a Sacco e Vanzetti do 23 de agosto de 1927, así como na trágica manifestación antigubernamental do 6 de febreiro de 1934, á que Péret lle dedica un poema («6 février»), e que precisamente foi organizada en apoio do ex-prefecto pola extrema dereita francesa. Chiappe faleceu en 1940, nun avión abatido de xeito accidental no curso dun combate aéreo sobre o Mediterráneo entre a Royal Air Force e a aviación italiana, cando se dirixía ao Líbano e a Siria, pois fora nomeado Alto Comisario de Francia no Levante polo goberno de Vichy.

on découvrit Chiappe entre deux trognons de choux pourris
et l'on fit de lui le chef des assassins

car
fumier professionnel
dont le sex-appeal enivre les mouches et les égouts
il ne pouvait que haïr le balai qui le nettoiera
la barricade de balais qui écraseraient les crânes des chiens noirs
pour venger Sacco et Vanzetti

Probablemente o poema máis coñecido deste libro sexa o «Épitaphe sur un monument aux morts de la guerre», no que a voz das vítimas repite sen cesar a obscena ladaíña: «le doigt dans le trou du cul». O título do libro que contiña un epitafio deveu así mesmo epitafio pois *Je ne mange pas de ce pain-là* é a inscrición que figura na tumba do home libre Benjamin Péret, no cemiterio parisiense de Batignolles.

María LOPO